




Artigo científico

VÍA DOURADA

VÍA VERDE



Revista 100% open access



Revista híbrida



Revista 0% open access



Pagar APC's

O autor que queira publicar en acceso aberto pola vía dourada terá, na práctica totalidade dos casos, que aboar os article processing charges, que oscilarán entre os 60€ e os 5000€.




Averiguar cal é a
súa política de acceso aberto



SHERPA/RoMEO é unha base de datos que recolle as políticas de copyright e autoarquivo de máis de 2500 editoriais científicas e das súas publicacións.


Cómpre revisar nos sitios web dos editores as súas políticas actualizadas. Soen estar recollidas en seccións tipo *Sharing policy* ou *Self-archive policy*.

Versión?



A versión do artigo que o autor envía ao editor para que considere a súa publicación e que é, lóxicamente, anterior ao proceso de revisión por pares. Os dereitos sobre o preprint pertencen sempre aos seus autores. O artigo revisado e aceptado polo editor pero sen o deseño último co que é publicado: mesmo contido pero diferente continente. Os editores adoitan denominala *accepted version* ou *author's accepted manuscript*. O traballo tal e como aparece publicado polo editor, coa súa maquetación e peculiaridades formais propias. Os editores soen referirse a esta como *final version of record* ou, inequivocamente, *published journal article*.

Embargo?



Un prazo temporal, fixado polo editor, durante o cal o autor non está autorizado a difundir en aberto ningún postprint do seu traballo. Non sempre hai tempo de embargo, pero no caso de habelo acostuman ser períodos de 6, 12 ou 24 meses que se inician na data da publicación do artigo.

Outros requisitos?



- LICENZA ► O editor pode reclamar que o autor difunda o traballo baixo algunha licenza concreta. Elsevier, por exemplo, ten como norma impoñer unha *Creative Commons BY-NC-ND*.
- DOI ► O habitual é que o editor esixa que a versión do autor inclúa un *vinculo* á versión final.
- NOTA ► Ampliando o anterior, algúns editores obrigan a incluír, amais da ligazón vía DOI, unha *nota estándar* na que o autor recoñece explicitamente onde foi publicado o artigo final.



Artigo científico en acceso aberto



Subir o artigo a un repositorio

Os mandatos
cúmprense
neste punto.



Institucional

(COMPLEMENTÁNSE)

Temático



REPOSITORIO UNIVERSIDADE CORUÑA



Autoarquivo

Arquivo delegado

O autor é quen deposita o seu propio artigo no RUC.

O persoal do Servizo de Biblioteca Universitaria, previa autorización do autor, é quen deposita o artigo no RUC.